



MUIMENTA VIVA · FASE CERO

Convocatoria pública para a selección de Residencia Temporal

Sende Coliving & Anceu Coliving · Convocatoria aberta · Xuño–Decembro 2026

1. Ficha da convocatoria

Proxecto	Coliving Muimenta (Muimenta Viva)
Entidades promotoras	Sende Coliving e Anceu Coliving e Fundacion Ría
Número de prazas	Entre 2 e 4 residencias ao longo do período xuño–decembro 2026
Duración por residencia	A determinar segundo o proxecto: mínimo 2 semanas, máximo 6 semanas
Aloxamento	Incluído nas casas rehabilitadas da aldea de Muimenta (sen custo para a persoa residente)
Manutención	Non incluída. Acceso a cociña equipada de uso compartido
Contraprestación económica	Sen remuneración. A residencia ofrece espazo, aloxamento e comunidade
Lugar	Muimenta, concello de Carballeda de Avia, Ourense, Galicia
Prazo de solicitude	Convocatoria aberta e continua. Prazas cubertas por orde de resolución
Contacto	hello@anceu.com

2. Que é Muimenta Viva

Muimenta Viva é a fase cero dun proxecto máis amplo: a creación dun coliving aldea en Muimenta. Neste momento, Muimenta coliving (Muimenta Viva) un conxunto de espazos rehabilitados con potencial, unha comunidade de referencia e a vontade compartida de construír algo duradeiro.

Esta fase cero ten como misión facer que a aldea empece a estar viva: activar os espazos, atraer persoas creadoras, tecer rede e xerar as condicións reais para que ese futuro coliving sexa posible.

As residencias creativas son o corazón desta activación. Queremos que haxa persoas creando, habitando e xerando actividade en Muimenta: a súa presenza demostra que a aldea pode ser un lugar real de vida e creación, e constrúe o carácter do futuro coliving desde dentro.



O proxecto está coordinado por Sende, Anceu Coliving e Fundación Ría, co apoio da Residente Permanente (Persoa Conectora) que acompañará as estadias.

3. Que ofrece a residencia

- Aloxamento gratuito nas casas rehabilitadas da aldea de Muimenta durante toda a estadia.
 - Espazos de traballo e creación: interiores e exteriores, en plena natureza, con acceso a cociña compartida e zonas comúns.
 - Tempo real para desenvolver un proxecto propio: a residencia non impón tempos nin obrigas de produción.
 - Comunidade e contexto: integración no proceso Muimenta Viva, encontro con outras persoas residentes e coa rede de Sende e Anceu Coliving.
 - Visibilidade: o teu proxecto e proceso terán presenza nos canles dixitais de Muimenta Viva (Instagram, web) co teu consentimento.
 - Acompañamento da Persoa Conectora residente para calquera necesidade loxística ou de integración na aldea.
-

4. Que pedimos

4.1 Compromisos da residente

A residencia non esixe un resultado concreto nin unha produción mínima. Pedimos:

- Habitar Muimenta con presenza e coidado: respectar os espazos, a comunidade e a aldea.
- Participar dos 5 encontros de comunidade programados, se o período de residencia coincide con algún deles.
- Permitir o uso de contido fotográfico e/ou audiovisual da súa presenza para a comunicación do proxecto (con dereito a revisión previa).
- Compartir brevemente o seu proxecto ou proceso co equipo coordinador ao final da estadia (en formato libre: conversa, texto, post, etc.).
- Respectar as normas de convivencia dos espazos e a privacidade das demais persoas residentes.

4.2 O que NON pedimos

- Non se esixe produción artística nin entrega de obra.
- Non se esixe dar talleres, charlas nin actividades abertas ao público (aínda que se valora se a persoa o propón voluntariamente).
- Non se esixe estar dispoñible en horarios determinados nin cumprir xornadas.



5. Perfil

5.1 A quen vai dirixida

Esta convocatoria está aberta a calquera persoa creadora, artista, investigadora, deseñadora, escritora, desenvolvedora, educadora ou profesional que desexe un período de retirada creativa nun contorno rural.

Non se esixe traxectoria profesional consolidada. Valoramos a diversidade de prácticas, orixes e etapas vitais.

5.2 Requisitos mínimos de admisión

- Ser maior de idade.
- Ter un proxecto, proceso ou intención creativa definida para desenvolver durante a estadía (non necesariamente un proxecto artístico: pode ser investigación, escrita, prototipado, etc.).
- Comprometerse a respectar os termos desta convocatoria e as normas de convivencia dos espazos.
- Dispoñer de medios propios para a manutención durante a estadía (a residencia non inclúe comidas).

5.3 Perfil valorado

- Vinculación ou interese polo mundo rural, a ruralidade activa ou os procesos de repoblación.
- Capacidade de convivencia e traballo en espazos compartidos.
- Interese en participar nalgunha das actividades de comunidade programadas.
- Proxectos con dimensión comunitaria, social ou de impacto local.
- Participación no programa [Fixar](#): criterio de prioridade.

6. Criterios de selección e puntuación

A selección realízase polo equipo coordinador de Sende Coliving e Anceu Coliving, coa participación da Persoa Conectora, en dúas fases.

6.1 Fase 1 – Admisibilidade

Verificarase que a candidatura cumpre todos os requisitos mínimos do apartado 5.2. As solicitudes que non os acrediten quedarán excluídas.

6.2 Fase 2 – Valoración de méritos (100 puntos)



Criterio de valoración	Pts. máx.	Descrición / Escala
A. Calidade e coherencia do proxecto proposto	30 pts	10 pts: idea en esbozo con potencial. 20 pts: proxecto definido con intención clara. 30 pts: proxecto sólido, orixinal e con articulación do proceso.
B. Adecuación ao contexto rural e a Muimenta Viva	25 pts	10 pts: interese xeral polo rural. 18 pts: práctica ou investigación con dimensión rural. 25 pts: proxecto que dialoga directamente coa aldea, a comunidade ou o proceso.
C. Motivación e carta de presentación	20 pts	Claridade sobre por que esta residencia, que se espera atopar e como encaixa co proxecto persoal. Valorarase a autenticidade sobre a perfección formal.
D. Traxectoria e experiencia	15 pts	5 pts: traxectoria incipiente. 10 pts: práctica activa con resultados. 15 pts: traxectoria sólida ou recoñecida. Non se esixe traxectoria formal.
E. Disponibilidade e flexibilidade de datas	5	Valorarase positivamente a disponibilidad para períodos con menor demanda ou coincidencia con encontros de comunidade programados.
F. Participación no programa Fixar ★	5 pts	10 pts: ser participante actual ou egresada/o do programa Fixar (Xunta de Galicia). Acreditarase con documentación ou referencia verificable. Criterio de desempate prioritario.
TOTAL BASE	90 + 5	90 pts base + 5 pts Fixar. En caso de empate, a participación en Fixar é criterio de desempate absoluto.

7. Proceso de solicitude

7.1 Documentación a presentar

Para participar deberase encher un Formulario de candidatura (dispoñible na web do proxecto). Este inclúe:

- Breve descrición do proxecto ou proceso que desexas desenvolver durante a estada (máximo 500 palabras).
- Datas de disponibilidad preferidas e duración da estada desexada.



7.2 Calendario e resolución

A convocatoria é aberta e continua. As solicitudes recibidas avalíanse por orde de entrada, agrupándose en rondas de revisión cada 3 semanas. O equipo coordinador comunicará a resolución no prazo de 10 días hábiles desde o peche de cada ronda.

Fase	Prazo orientativo
Apertura da convocatoria	15 Maio 2026
Rondas de revisión	Cada 3 semanas desde a apertura
Resolución por ronda	10 días hábiles tras o peche de cada ronda
Período de residencias	15 Xuño a decembro 2026
Peche da convocatoria	Cando se cubran as prazas dispoñibles ou o 30 de novembro de 2026

8. Condicións e normas de convivencia

- O aloxamento é gratuíto durante a estadía acordada. Calquera extensión deberá ser solicitada con antelación mínima de 1 semana e estará suxeita á dispoñibilidade dos espazos.
- A persoa residente é responsable da súa manutención e dos gastos persoais xerados durante a estadía.
- Os espazos son compartidos: esperamos un uso respectuoso das instalacións, das áreas comúns e das demais persoas residentes.
- Está prohibido subarrendar ou ceder o espazo asignado a terceiras persoas.
- A relación formalízase mediante un acordo de residencia asinado polas partes antes da incorporación.
- En caso de incumprimento grave dos compromisos ou das normas de convivencia, o equipo coordinador poderá dar por rematada a residencia anticipadamente.

9. Protección de datos

Os datos persoais facilitados serán tratados por Sende Coliving e Anceu Coliving exclusivamente para a xestión desta convocatoria, de conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 (RGPD) e a normativa española vixente. As candidaturas non seleccionadas serán destruídas ao remate de cada ronda de resolución, salvo consentimento expreso para a súa conservación en convocatorias futuras.



15 Maio 2026